

## **Unidade 12. A argumentación**

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### **Lectura e comprensión**

Claudia e Xulia eran amigas, moi boas lecturas. A miúdo ían á biblioteca. A biblioteca recendía a papel novo e a papel vello, e tamén a lavanda. Por que a lavanda? Porque a señorita Luísa, a bibliotecaria, usaba un perfume de lavanda que se mesturaba co resto dos cheiros da biblioteca.

Xeralmente, as dúas rapazas lían o mesmo libro en días alternos e o venres xuntas.

O luns, Claudia chamou a Xulia.

-Hoxe comecei un libro novo.

É divertidísimo!

-Que ben, mañá comezo eu.

O martes chamáronse.

-Liches o libro?

-Lin, pero...

-Que ocorre?

-Ti dixeches que era divertido e a min pareceume moi triste. A señorita Luísa achegouse para

consolarme, pero ela tamén se puxo a chorar. Penso que era por cousas dela e non ulía a lavanda.

-Mañá é venres e leremos xuntas.

Ao día seguinte cando entraron na biblioteca, non estaba a señorita Luísa, pedíronlle á señorita Renata o libro.

-Debería estar neste estante –dixo-, agora o collo!

Mentres falaba, trataba de coller o libro, pero non o daba sacado.

-Déixeo, hoxe leremos outro libro.

-Decatáchedeste ti tamén, Xulia?

-Creo que si, Claudia. Un libro namorado dunha bibliotecaria! O libro cambiaba, cando ela estaba triste, o libro volvíase triste. E hoxe que ela non está négase a saír do estante.

Alberto PIUMINI

Un amor de libro

Edelvives (tradución e adaptación)



## Unidade 12. A argumentación

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Lectura e comprensión

1 Que significa «días alternos»?

---

2 A que ulía a biblioteca?

---

3 Por que cren Claudia e Xulia que o libro que están a ler está namorado?

---

---

4 A que momento da historia pertencen as ilustracións? Describeas.



---

---

---

---

---

**5** Marca cun V, se é verdadeiro, e cun F se é falso.

- Claudia e Xulia nunca lían o mesmo libro.
- Os venres lían xuntas na biblioteca.
- Na biblioteca hai un libro namorado da señorita Luísa.

## Unidade 12. A argumentación

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Vocabulario

1 Busca no dicionario.

- Minguar: \_\_\_\_\_
- Prolongar: \_\_\_\_\_
- Diminuir: \_\_\_\_\_

2 Escribe unha oración con cada unha das palabras da actividade anterior.

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

3 Completa a táboa co que se solicita.

	Sinónimo	Antónimo	Familia de palabras
Diminuir			
Prolongar			
Minguar			

4 Escribe as abreviaturas.

A señora/\_\_\_\_\_ dona/\_\_\_\_\_

María/\_\_\_\_\_ Vázquez e o señor/\_\_\_\_\_

Don/\_\_\_\_\_ Brais González teñen o gusto de convidalos

á festa de entrega de premios da regata «Vigo Race».

Terá lugar no número/\_\_\_\_\_ da rúa do Príncipe.

M.<sup>a</sup>  
SRA  
D.  
Sr.  
n.<sup>º</sup>  
Dna.

**5** Observa este endereço.

**Señorita** Catarina Pérez

**Rúa** Gonderán, **número** 13

721 Pontevedra

Escribe ti o endereço da carta substituindo as palavras destacadas por abreviaturas.

---

---

---

## **Unidade 12. A argumentación**

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

**1** Le estas adiviñas e resólveas.

Cruza o río, cruza o mar

non ten boca e sabe falar.

---

Ten agullas e non sabe bordar.

Ten patas e non é un animal.

Ten un timbre que avisa

cando tes que madrugar.

---

Prata non é o que teño,

longo e curvado son,

de Canarias ás veces veño,

a ver se adiviñas que son.

---



**2** Agora fai ti unha adiviña. Ten en conta o seguinte.

1. Eixe un obxecto para adiviñar.
  2. Escolle os elementos que o distinguen doutro.
  3. Pon frases curtas e que teñan rima.
  4. Fai unha pregunta de forma enxeñosa e divertida.
- 
- 
- 
- 
-

